

## VALORES ÉTICOS 1º e 2º ESO LOMCE

### 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A cualificación componse de:

Probas e exames.....	70%
Actitudes.....	30%

Para avaliar as actitudes o profesorado terá en conta a actitude positiva do alumno cara a materia mediante a análise do traballo diario na clase, levando a cabo revisións periódicas do caderno (10%), intervencións orais e respostas a preguntas que fará o profesorado na aula (10%), realización e participación en actividades ou traballos individuais e colectivos, entrega dos exercicios e traballos nas datas fixadas e comportamento e asistencia continuada a clase co material de traballo(10%).

#### 7.1. CONSIDERAMOS OS SEGUINTE INSTRUMENTOS DE AVALIACION:

- Observación directa do traballo realizado polo alumno
- Valoración do comportamento en clase
- Actitude cara a materia
- Valoración numérica das diferentes probas ou exames
- Entrega de exercicios, traballos, composicións ... nas datas fixadas
- Comportamento e compañeirismo
- Asistencia continuada a clase co material de traballo (libro, caderno ...).

#### 7.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACION:

**As probas de avaliación:** valoraranse os coñecementos, grao de comprensión, capacidade crítica de aplicación dos coñecementos a novas situacións e a habilidade para analizar e sintetizar informacións e datos.

Para cualificar terase en conta:

1. As probas en xeral, onde se valorará positivamente:

- a adecuación de pregunta/resposta
- o uso correcto da linguaxe propia e da linguaxe técnica da materia en cuestión.
- a corrección formal
- a capacidade de razoamento
- a capacidade de definición
- a capacidade de análise e síntese

2. Os traballos realizados fora da aula, onde se valorará a forma, o fondo e o dominio da materia.

As probas de exame poden ser as seguintes:

- Exame escrito con cuestións ao estilo das que contén o libro
- Pode acompañar un exame de autoavaliación.
- Ter en conta o traballo realizado no caderno de clase
- Ter en conta os traballos realizados fora da aula
- Completar frases.
- Debater, seguindo o modelo proposto polo profesor
- Outras que o profesorado, co seu criterio autónomo, poda suxerir.

### **AVALIACIÓN CONTINUA**

Os alumnos aprobarán cando cheguen á nota media de 5 puntos ou superior.

#### **Perda do dereito á Avaliación continua**

A aqueles alumnos que perderan o dereito a avaliación continua, debido a faltas de asistencia inxustificadas e reiteradas, poden superar a materia a través da presentación de tódolos traballos esixidos ó longo do curso e ademais haberán de superar un exame onde darán conta, con suficiente precisión e rigor, dos principais temas, conceptos e teorías abordadas durante o curso.

#### **Cualificación final de xuño**

Establécese mediante a nota media das 3 avaliacións, sempre e cando en ningunha delas teña unha nota inferior a 3.

Os alumnos que non acaden esa nota nunha avaliación poderán repetir dita avaliación. No caso de seguir sen acadar a nota terán que presentarse con toda a materia do curso a un exame final.

#### **Avaliación extraordinaria de setembro**

Haberá un exame común para todos os grupos do mesmo nivel.